



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Febreiro 2024

DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Febreiro 2024

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	31.950	4.144	38.268	8.903	10.157	4.836	25.140
Noites	57.829	9.396	69.801	18.161	18.580	8.674	46.967
Var. Viax. 24/23	4,0%	81,4%	1,7%	-11,4%	5,5%	5,9%	-5,6%
Var. Noites 24/23	10,1%	55,5%	2,0%	2,6%	7,0%	4,1%	1,1%
Estadía Media	1,81	2,27	1,82	2,04	1,83	1,79	1,87
Var. EM 24/23	5,9%	-14,3%	0,3%	15,8%	1,4%	-1,8%	7,1%
% Ocupación	39,2%	29,9%	38,2%	34,4%	48,9%	22,9%	31,0%
Var. Ocupac. 24/23	3,10	5,03	1,47	-1,44	2,52	0,05	-4,90
Prazas	5.065	1.081	6.254	1.816	1.308	1.303	5.202
Var. Prazas 24/23	-2,1%	24,7%	-4,8%	3,1%	-1,9%	0,4%	12,9%

- No segundo mes deste ano 2024 os destinos urbanos de Galicia rexistran un importante nivel de demanda. En termos globais rexístranse algo máis de 123 mil viaxeiros aloxados e 230 mil noites nos establecementos hoteleiros das cidades de Galicia. Supón isto que o turismo urbano representa o 63% do total da comunidade -practicamente dúas de cada tres noites en Galicia-, porcentaxe algo inferior á de xaneiro pero superior á dos meses anteriores. No verán o peso do turismo urbano diminúe ata o 35% entre outros motivos polo incremento que se produce nos restantes destinos da comunidade -litoral galego, Camiño de Santiago, etc-.
- En febreiro sitúase Santiago como o destino líder do turismo urbano en Galicia –circunstancia habitual na comunidade-. Con preto de 70 mil noites Compostela absorbe o 30% do total do turismo urbano e o 19% do conxunto da comunidade. Sitúanse a continuación A Coruña con 58 mil noites e Vigo -con 47 mil noites neste caso-. Unha vez máis boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres


ciudades pois representan en conxunto o 76% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe equivalente á observada en xaneiro-.

- O 24% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo novamente Pontevedra o destino de menor volume e peso neste mes de febreiro –absorbe o 3,8% do total urbano-. En síntese, o reparto territorial entre as tres grandes cidades e o resto mantense relativamente estable mais con pequenas diferenzas a nivel interno.
- En termos dinámicos obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo da demanda a nivel urbano en relación ao pasado ano. Así, o volume de noites increméntase en todas as cidades, con intensidade variable. Ferrol marca o crecemento máis notable, superando nun 55% o volume de pernoctacións de febreiro de 2023. Os restantes destinos amosan incrementos máis moderados que van do 1% e Vigo -moi suave, case de estabilidade da demanda- ao 10% en A Coruña. Esta diferenza é a que permite á cidade herculina situarse en segundo lugar no ranking urbano deste segundo mes de 2024.
- O conxunto do turismo urbano en Galicia increméntase un 6% neste mes de febreiro, porcentaxe superior á que se observa no resto da comunidade -onde en termos globais o nivel de demanda mantense estable-.
- O crecemento da demanda débese á confluencia de dous factores: leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados nun contexto de mellora da estadía media.
- O bo comportamento da demanda permite soamente á cidade de Lugo superar niveis anteriores á pandemia e marcar agora en 2024 un máximo histórico do mes de febreiro con pouco máis de 18 mil pernoctacións. As restantes cidades fican en maior ou menor medida por debaixo dalgún valor anterior á crise.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario nas sete cidades consideradas, en porcentaxes que van do 70% en Santiago ao 93% en Lugo -nas restantes cidades supera o 80% agás en Vigo que fica no 72%-. En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nas sete cidades de Galicia, con variacións de diversa dirección e intensidade.
- O turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo en todas as cidades de Galicia agás en Vigo onde rexistra unha caída do 4,3% en relación ao nivel do pasado ano. Ferrol marca o incremento máis notorio, dobrando o volume de noites dos españois de febreiro de 2023. Os restantes destinos amosan subas máis moderadas e parellas.
- O mercado internacional presenta unha dinámica diferente, menos homoxénea. Supera os volumes de demanda do pasado ano soamente en dúas cidades -nun 18% en Vigo e nun 19% en Ourense-, mantense relativamente estable en A Coruña e descende nos restantes destinos -de forma suave en Santiago e Pontevedra e máis acusada en Ferrol e Lugo-. Nesta última a caída do turismo estranxeiro sitúase no 37%.


- Ourense é o único destino que presenta un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos tanto para o nacional como para o internacional. As restantes cidades presentan unha dinámica dispar de ambos segmentos, sendo positivo para o nacional na maioría delas.
- En termos globais, e para o conxunto dos destinos urbanos, o comportamento de ambos segmentos de mercado é parello en relación ao pasado ano, cun crecemento do 7% para o nacional e do 1% para o internacional. Ambos sitúanse tamén por encima dos niveis de 2019, previos á pandemia.
- A estadía media no conxunto dos destinos urbanos de Galicia sitúase en 1,9 noites, cifra levemente superior á media da comunidade - que fica en 1,8 noites- e tamén superior á media dos destinos non urbanos de Galicia -con 1,7 noites neste caso-. Este dato varía levemente nas diferentes cidades -case todas se manteñen no intervalo de 1,8 e 1,9 noites- agás Ferrol que rexistra o valor máis elevado con 2,3 noites- e Lugo -con 2,0 noites neste caso-.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar nas diferentes cidades. Sobe e mellora o nivel do pasado ano en catro destinos -con maior intensidade en Lugo-, mantense estable en Santiago e descende nos dous restantes -de forma máis clara e intensa en Ferrol-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos varía tamén desde o lado da oferta de aloxamento. Neste mes tres destinos rexistran un incremento do número de prazas ofertadas -nun 25% Ferrol, nun 13% Vigo e nun 3% Lugo-. Pontevedra mantense en niveis parellos mentres que as tres restantes cidades amosan caídas da oferta en relación ao pasado ano -do 2% en A Coruña e Ourense e do 5% en Santiago-.
- O comportamento da demanda neste contexto de evolución da oferta dispoñible tradúcese nunha variación tamén dispar dos niveis de ocupación. Neste sentido apréciase unha mellora en catro destinos -de cinco puntos en Ferrol, de tres puntos en A Coruña e de arredor de dous puntos en Santiago e Ourense- como consecuencia dun mellor comportamento da demanda en relación á oferta. O nivel de ocupación mantense estable en Pontevedra e descende nas dúas restantes cidades -en pouco máis dun punto en Lugo, e en cinco puntos en Vigo-. Esta última caída leva o nivel de ocupación hoteleira de Vigo a cifras baixas, inferiores ás observadas nos últimos seis anos.
- Cun 48,9% de media Ourense rexistra a porcentaxe de ocupación máis elevada dos destinos urbanos de Galicia agora en febreiro - circunstancia que xa acontecía no pasado mes de xaneiro-. Sitúanse a continuación A Coruña e Santiago -ambas con algo menos do 40% de media-, por diante das restantes cidades que presentan porcentaxes inferiores ao 35%. Pontevedra rexistra a cifra máis baixa cun 22,9% de media neste segundo mes do ano.

- No conxunto dos destinos urbanos de Galicia o nivel de ocupación hoteleira sitúase no 35,7%, nove puntos por encima da media da comunidade.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 104,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada en Ourense, destino que marcan o nivel máis elevado neste mes de febreiro. As restantes cidades presentan cifras máis baixas, do contorno dos 60 euros en A Coruña e Vigo, de 57,2 euros en Santiago e de 43,0 euros en Lugo -destino que marca o valor máis baixo neste segundo mes de 2024-.
- Os prezos medios incrementáronse en tres dos cinco destinos considerados -o INE non ofrece datos para Ferrol e Pontevedra- rexistrando xustamente Ourense a suba máis notable -o dobre en relación ao pasado ano-. A Coruña marca, en cambio, o incremento máis suave, do 3% neste caso. As tarifas mantéñense estables en Santiago e descenden unicamente en Lugo -un 13% neste caso-.
- En termos de rendibilidade -RevPAR hoteleiro- obsérvanse melloras en tres cidades de Galicia, con subas levemente inferiores ao 10% interanual en A Coruña e Santiago e do dobre en Ourense -a cidade das Burgas rexistra neste mes un forte crecemento das tarifas hoteleiras e do nivel de rendibilidade-. O RevPAR descende, en cambio, nos establecementos hoteleiros de Lugo e Vigo -arredor dun 10% en ambos casos-.
- Ourense é tamén o destino urbano que presenta o nivel de rendibilidade hoteleira máis elevado neste mes de febreiro -o RevPAR sitúase en 61,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-. As restantes cidades sitúanse a distancia da anterior, con valores inferiores a 30 euros en todos os casos. Neste grupo destaca a cidade de A Coruña -cun RevPAR hoteleiro de 29,5 euros-. No lado contrario o valor máis baixo localízase en Lugo -con 19,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.


Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, febreiro 2024




Variación da demanda turística nas cidades. Noites febreiro 2024/23




Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Febreiro 2024




Nivel de ocupación e variación interanual. Febreiro 2024




Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, febreiro 2024



Variación demanda turística, por procedencia. Noites, febreiro 2024/23



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Febreiro 2024



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Febreiro 2024

